62. (2) 62) A miña muller é vella (rianx.)
e enterreina no palleiro,
deixeill'o rabiño fóra
para toca-lo pandeiro.

70. 63) A miña muller é vella,
de vella saqueill'o cuiro (rianx)
para facer un pandeiro VI 1487 a
para corre-lo antruido.

81. 64) Heiche de dar que i-o teño ~~tengo~~:/ (rianx.)
papas de millo miúdo
feitas no pote pequeno. VI 43c

89. 65) Miña nai por me casar-e, (rianx.)
meu pai por me da-lo dote, VI 1684 b
tiveron ~~houberon~~ unha profía
rompéronll'os pés ó pote.